


novas
en

branco e negro

Nº 11 - Abril 2002



O periódico
dos criadores de frisón de Galicia



CONCURSO AUTONÓMICO FEFRIGA 2002

Como consecuencia do adiamento das datas de celebración do *Concurso Nacional de Outono "Conafe 2002"*, que terá lugar en Xixón durante os días 26 ó 29 de Setembro, vímonos obrigados a revisar a convocatoria do noso certame, polo que, -tras consultar á Comisión de Concursos,- a Xunta Directiva desta Federación acordou que o **XI Concurso Autonomo da Raza Frisona "Fefriga '02"**, a **V Subhasta Top-Bos** así como o resto de actividades que se desenrolan paralelamente o certame se celebren durante os días 19 ó 23 de Xuño, coincidindo co **XXV Aniversario da Feria Internacional Semana Verde de Galicia e o XXIV Concurso Internacional de Frisón**.

Como sempre, esperámosvos a todos.

Ver Regulamento (páx. 2)

AVANCE PROGRAMA

Martes 18

de 10.00 a 20.00 Entrada do Gando

Mercres 19

de 10.00 a 20.00 Descanso e exposición dos animais

Xoves 20

de 10.00 a 20.00 Preparación do gando e exposición

Venres 21

10.00 Xulgamento das seccións e campionatos de Becerras e Xovencas.

18.00 XVIII Concurso de Xoves Manexadores

Sábado 22

10.00 Xulgamento das seccións de vacas en lactación, campionatos e Grupos.

18.00 VI Subhasta Top-Bos

20.30 Recepción Oficial a gandeiros e autoridades, Entrega de pracas ás mellores ganderías, e Entrega de premios dos diferentes concursos

Domingo 23

10.00 Exposición dos animais

12.00 X Subasta Élite de Novillas e Embrións S. Verde

19.00 Desfile de Campionas no Ring Principal

VI SUBHASTA TOP-BOS

Subhastaránse
**15 femias e 4 machos
da xenética máis punteira**

Próximamente remitirémolle
o correspondente catálogo

TODOS A DEBUXAR

Tra-lo éxito acadado no 2001, a Federación Frisona Galega convoca o seu **II Concurso de Pintura Fefriga '02**, no que poderán participar todos aqueles rapaces que o desexen e a súa idade non supere os 16 anos incluídos. Establécense as tres categorías seguintes:

1ª Alevín de 3 a 7 anos

2ª Infantil de 8 a 12 anos

3ª Junior de 13 a 16 anos

A temática dos debuxos a presentar estará baseada no **"Sector agrogandeiro e a vida no campo"**.

Haberá **interesantes premios para os 5 mellores** clasificados de cada categoría e ...

UNHA VIAXE CON ACOMPAÑANTE A WARNER BROS

para o primeiro clasificado
de cada categoría

Se desexades participar, solicítade as bases do
Concurso na vosa Africor ou en Fefriga.

¡¡¡ ATENCIÓN !!!

Este ano en Semana Verde
**CONCURSO AUTONÓMICO
CONCURSO INTERNACIONAL
CONCURSO DE PINTURA
XOVES MANEXADORES**

33.000 €

(5.500.000 Ptas.)

en Premios

¡¡¡ INFORMATE !!

DATAS A LEMBRAR

19 ó 23 de Xuño (Silleda - Pontevedra)
XXV Feria Internacional Semana Verde de Galicia
- XXIV Concurso Internacional "Semana Verde"
- XVIII Conc. de Xoves Manexadores "Semana Verde"
- XI Concurso Autonomo da Raza Frisona Fefriga '02
- II Concurso de Pintura Fefriga 2002
- VI Subhasta Top-Bos

27 e 28 de Xullo (Chantada - Lugo)
XI Concurso-Subasta de Gando Frisón Chantada '02

29 ó 31 de Xullo (Provincia de Lugo)
XVI Escola de Xuíces Gandeiros Fefriga 2002

Setembro (A Estrada - Pontevedra)
X Feira da Becerra Selecta
- VII Concurso Frisón

26 ó 29 de Setembro (Xixón - Asturias)
XXV Concurso Nacional de Otoño CONAFE 2002

TARIFAS DE T.E. 2002

| | |
|--------------------------------|------------------|
| *Xestacións | 450 € c/u |
| Implantes | 30 € c/u máx. 3 |
| Visita Explotación | 30 € |
| *Recolleita (Descendencia Bos) | 150 € |
| *Outras Recolleitas | 300 € |
| Embrións Viábles x Recolleita | 30 € c/u máx. 10 |

* Cando nun mesmo día e granxa se realice máis dunha recolleita, ou se obteña máis dunha xestación, aplicarase un desconto do 15% sobre o prezo de tarifa.

PARA MÁIS INFORMACIÓN, CONTACTE
CO EQUIPO DE T.E. TEL.: 649 80 90 64 (DANIEL)



pab

